

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: OUTORGAMENTO DE AXUDAS Ó ESTUDO 2023/2024 PENDENTES DE RESOLUCIÓN

EXPEDIENTE: 2023/057/000002

EXPEDIENTE DECRETO: 2023/G003/000565

Vista a proposta que consta no expediente TEDEC 2023/057/000002 de 13/12/2023 que se transcribe literalmente :

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Modificación de crédito, Fiscalización e Outorgamento/Denegación de axudas ao estudo do Concello de Carral para estudantes para o curso 2022/2023

Expediente Tedec: 2023/057/000002

Logo de ver o expediente Tedec 2023/057/00001 no que se executan todos os trámites do procedemento da convocatoria de axudas ao estudo do Concello de Carral para estudantes para o curso 2022/2023 e según as bases de convocatoria de axudas ao estudo para estudantes para o curso 2022/2023 se publicaron no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (nº44 , do 6 de marzo de 2023), e que a convocatoria se publicou mediante extracto (previa comunicación á Base de Datos Nacional de Subvencións, que lle outorgou o identificador BDNS (Identif. 680877)) no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (nº51 , do 15 de marzo de 2023).

Logo de ver que se emite **informe técnico de Educación en data 8 de agosto de 2023** na que se informa da falta de solicitude do informe de rexistro comprobando que estaban tódalas solicitudes mencionadas incluídas e **no que se expón solicitude a intervención da necesidade de modificar o crédito destinado a partida para axudas ao estudo curso 2022/2023 da cantidade necesaria según este informe técnico (1011,0€).**

Logo de ver que, segundo o establecido na base VII das bases aprobadas, o 8 de agosto de 2023 reuniuse a comisión de valoración composta polas seguintes membros: Presidenta: Mercedes Caridad López, Concelleira de Educación. Vogal: Beatriz Cabanas Lozano, técnica de Educación do Concello. Vogal: Natalia Fernández Núñez, auxiliar administrativa de Intervención do Concello. Secretaria (aos sos efectos de fe pública, con voz e sen voto): Eva Jardón López, a da Corporación.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


Logo de ver que, segundo a acta estendida da devandita reunión da comisión “ (...)As membros da comisión valoradora, en uso da súa discrecionalidade técnica e, en función dos puntos indicados nas bases para cada un dos criterios valorables, ratifícanse na valoración das solicitudes presentadas, outorgan a cada unha das solicitudes presentadas a puntuación que se indica, e propoñen á Alcaldía do Concello, previa a preceptiva fiscalización da Intervención Concello, que resolva, no seu caso, o outorgamento (ou denegación) das axudas a cada unha das persoas interesadas segundo as táboas antes transcritas. (...)”.

Logo de ver que, segundo a base IX.1 das aprobadas, “(...) Logo de instruírse o procedemento segundo o indicado nas bases e da fiscalización previa preceptiva da Intervención do Concello en relación coa proposta de resolución da Alcaldía (elaborada segundo a proposta de resolución emitida pola comisión de valoración indicada na base VII), a Alcaldía do Concello de Carral ditará a resolución que proceda no prazo de tres meses computado a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes, e sempre antes do 31 de decembro de 2023.(...)”.

Logo de ver o establecido na base IX.1 das que rexen a convocatoria e, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, someto a fiscalización previa e preceptiva da Intervención do Concello e a informe xurídico previa a seguinte

PROPOSTA:

1. Modificar a aplicación presupuestaria 2023.326.48003 Axudas a estudantes do Concello de Carral ampliando por importe de 1.011,00€.
2. Encomendar á Intervención do Concello a modificación do crédito de axudas ao estudo 2022 2023
3. Unha vez aprobada a modificación de crédito, advocar a competencia para a resolución da concesión de subvencións e axudas, delegada na Xunta de Goberno Local polo Decreto 355/2023, de 26 de xuño de 2023 e outorgar as axudas ao estudo do Concello de Carral para estudantes para o curso 2022/2023 derivadas da convocatoria de referencia ás persoas solicitantes e polos importes que se indican na proposta –que fago miña- contida na acta da reunión do 10 de agosto de 2023 comisión de valoración da que se achega extracto coma anexo a esta resolución (segundo a valoración outorgada en aplicación das bases que rexen a convocatoria e en uso da discrecionalidade técnica da devandita comisión).
4. De aprobarse esta proposta notificar esta resolución ás persoas interesadas mediante publicación deste decreto e do seu anexo no taboleiro de anuncios do Concello de Carral (de acordo coa base IX.1 e o art.45.1.b) LPACAP), sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan ter acceso ao expediente a efectos de reclamacións ou recursos, no seu caso. Aos efectos do cumprimento do establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, as persoas interesadas identifícanse mediante a inicial do seu nome e segundo apelido e o seu primeiro apelido completo. Ordear á Tesouraría Municipal o pagamento das axudas outorgadas, en aplicación do establecido na base X das que regulan a convocatoria. Encomendar á Intervención do Concello a comunicación á Base de Datos Nacional de Subvencións dos datos que procedan sobre o outorgamento das axudas derivadas da



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

convocatoria de referencia, en aplicación do establecido no artigo 10.1.par 2º do Real Decreto 130/2019, do 08 de marzo, polo que se regula a base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

Anexo

ACTA DA REUNIÓN DO 10 DE AGOSTO DE 2023 DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DAS AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE CARRAL PARA ESTUDANTES PARA O CURSO 2022/2023

Na Sala de Xuntas da Casa do Concello de Carral, a 10 de agosto de 2023, previa convocatoria efectuada mediante Decreto do Señor Alcalde do 9 de agosto de 2023, sendo as 10:00 horas, reúnese a Comisión de Valoración establecida no artigo VII.2 das BASES REGULADORAS DAS AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE CARRAL PARA ESTUDANTES PARA O CURSO 2022/2023, publicadas no BOP nº 44 do 6 de marzo de 2023, que está integrada por: Presidenta: Mercedes Caridad López- Concelleira de Educación Vogal: Carmen Vazquez Juncal- Axente de desarrollo Local Vogal: Natalia Fernández Núñez- Aux.Administrativa de intervención E actuando como Secretaria Accidental, aos sóos efectos de fe pública, Sonia Campos Ares No acto, a presidenta e as vogais que compoñen a comisión de valoración, de acordo co establecido no informe do departamento de Educación en canto a baremación que ten en conta o valor do punto segundo os expedientes de solicitude xa baremados e segundo a puntuación acadada seguindo os criterios de valoración das solicitudes que se expoñen nas devanditas bases reguladoras, proceden ao estudo da valoración preliminar das solicitudes realizada mediante ao referido informe da técnica de Educación do Concello, asinado electrónicamente o 7 de agosto de 2023, que se transcribe literalmente a continuación:


“Beatriz Cabanas Lozano, Técnica de educación do Concello de Carral

Vista a acta de reunión do 28 de xullo da comisión de valoración das axudas ao estudo do Concello de Carral para estudantes para o curso 2022/2023 na que se solicita un novo informe máis explícito do procedemento que se está levando a cabo en relación aos expedientes Tedec 2023/057/000001 - 2023/057/000002.

Visto que unha vez rematado o expediente de concesión de axudas ao estudo para o curso 2022/2023 do Concello de Carral según a convocatoria publicada no BOP núm. 44 de data 6 de marzo de 2023 e outorgadas/denegadas as axudas mediante decreto 275/2023 de data 18/05/2023, valórase que se pode proceder ao arquivo do expediente Tedec.

Visto a necesidade de revisión do expediente Tedec, antes do seu arquivo detéctase a omisión do trámite de solicitarlle ao rexistro informe sobre as solicitudes presentadas durante o prazo da convocatoria.

Visto o anterior solicítase o mencionado informe ao Rexistro municipal e que é asinado a 6 de xullo coa recepción de tódalas solicitudes feitas en prazo según a convocatoria.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Visto que existen oito expedientes de solicitudes que non chegaran na distribución ao departamento de educación e polo tanto, non estaban incluídas no decreto de concesión/denegación mencionado, decídese facer a valoración técnica das mesmas para propoñer un novo trámite.

Por todo o anterior INFORMO:

1.- Da existencia de oito expedientes a maiores dos existentes na comisión de valoración xa realizada. Que non foron recepcionados por un erro electrónico de distribución e polo tanto non tidos en conta na valoración do expediente de convocatoria de axudas ao estudo do Concello de Carral para o curso 2022/2023

2.-De que se comprobou a documentación rexistrada e a única que non a ten completa é Sara Garcia Insua. Consúltase coa interesada o caso e decide enviar por correo electrónico con data 4 de xullo de 2023 o entregado. Compróbase que fora enviada previamente toda a documentación e entregada en prazo e forma no rexistro municipal.

2.-Procédese á comprobación técnica constatando que todos cumpren os requisitos tanto en forma como presentación en prazo según a convocatoria de axudas escolares do Concello de Carral, regulada no BOP num 44 do 6 de marzo de 2023 para propoñelos a concesión.

3.-Dende este departamento considérase oportuno realizar a baremación tendo en conta o valor do punto nos expedientes de solicitude xa baremados e según a puntuación acadada seguindo os criterios de valoración das solicitudes expostos nas bases reguladoras. Considérase non incurrir en agravio comparativo e concédese en igualdade de condicións co resto de beneficiarios co valor do punto que foi obtido según a fórmula establecida para cada nivel de estudos que foi o seguinte:


Educación universitaria: 19,41

Educación postobrigatoria: 29,03225806

Educación Infantil: 27,169811

Por todo isto resulta a seguinte concesión en igualdade e seguindo os mesmos criterios:

Rexistro	BENEFICIARIO	ESTUDOS	Puntos	Mínima concesión	TOTAL CONCESIÓN SUMANDO VALOR PUNTO
202300000000594 28/03/2023	ANGELA PEREIRO ARAUJO	Universitarios	7	50€	19,41x7=135,87 +50= 186€
202300000000610 30/03/2023	SABRINA GOMEZ DA SILVA MARA NOYA GOMEZ	Infantil	3	30€	27,169811x3=81,51 +30= 112€
202300000000611 30/03/2023	ADELA INSUA BARBEITO SARA GARCIA INSUA	Universitarios	6	50€	19,41x6=116,46 +50= 166€
202300000000612 30/03/2023	ALEJANDRO LOPEZ RODRIGUEZ	Postobrigatoria	1,5	40€	29,03225806x1,5=43,55+40= 84€
202300000000613	JULIO FERNANDEZ BARROS	Infantil	4	30€	27,169811x4=



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

30/03/2023	LEO FERNANDEZ GARCIA				108,68+30= 139€
202300000000614 30/03/2023	MARIA DANIELA VAZQUEZ AVALOS	Postobrigatoria	1	40€	29,03225806x1= 29,03225806+40= 69€
202300000000618 30/03/2023	ANTIA LOPEZ SUEIRO	Postobrigatoria	1	40€	29,03225806x1= 29,03225806+40= 69€
202300000000699 05/04/2023	ANTIA RASO BARBEITO	Universitarios	7	50€	19,41x7=135,87 +50= 186€
		Total			1011€

4.- Por todo o exposto solicito a Intervención aumento de crédito destinado a partida para axudas ao estudo curso 2022/2023 da cantidade necesaria según este informe técnico (1011,0€).

En Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe.”


Vistas as consideracións en informe de Secretaría a esta proposta de data 14/12/2023 así como informe de reparo suspensivo de intervención de data 18/12/2023 polo presente en uso das facultades outorgadas legalmente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo da intervención municipal considerando que se dan motivacións de interese público para evitar prexuízo de reclamacións e responsabilidades polo erro administrativo tendo crédito orzamentario atender as solicitudes pendentes, sen prexudicar a aqueles beneficiarios anteriores con dereitos e intereses lexítimos e sen realización de trato desigual, considerando que debe pecharse o expediente neste exercicio para non retardar máis a tramitación e atender as solicitudes presentadas,

SEGUNDO.-Advocar a competencia para a resolución da concesión de subvencións e axudas, delegada na Xunta de Goberno Local polo Decreto 355/2023, de 26 de xuño de 2023 e outorgar as axudas ao estudo do Concello de Carral para estudantes para o curso 2022/2023 derivadas da convocatoria de referencia ás persoas solicitantes e polos importes que se indican na proposta – que consta nos consdierandos deste decreto e contida na acta da reunión do 10 de agosto de 2023 comisión de (segundo a valoración outorgada en aplicación das bases que rexe a convocatoria e en uso da discrecionalidade técnica da devandita comisión).

TERCEIRO.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas mediante publicación deste decreto no taboleiro de anuncios do Concello de Carral (de acordo coa base IX.1 e o art.45.1.b) LPACAP), sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan ter acceso ao expediente a efectos de reclamacións ou recursos, no seu caso. Aos efectos do cumprimento do establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, as persoas interesadas identifícanse mediante a inicial do seu nome e segundo apelido e o seu primeiro apelido completo. Ordear á Tesouraría Municipal o pagamento das axudas outorgadas, en aplicación do establecido na base X das que regulan a convocatoria. Encomendar á Intervención do Concello a comunicación á Base de Datos Nacional de Subvencións dos datos que procedan sobre o outorgamento das axudas derivadas da convocatoria de referencia, en aplicación do



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

establecido no artigo 10.1.par 2º do Real Decreto 130/2019, do 08 de marzo, polo que se regula a base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

CUARTO.- Dar traslado deste decreto de levantamento de reparo aos servizos de intervención municipal aos efectos oportunos.

Carral, asinado dixitalmente na data e hora que figura a marxe

A Alcaldesa accidental

Asdo.- SUSANA GUIMAREY GARCÍA

Dou fe, a Secretaria

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ